



Concello de Guitiriz

ANUNCIO SOBRE MEDIDAS PREVENTIVAS A ADOPTAR PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE SELECCIÓN EXPTE 985/2021. ADMINISTRATIVO INTERINO.

Publicar as seguintes medidas preventivas para a fase de oposición:

Data da proba: 01/12/2021 ás 12:00 horas na Aula Cemit do Concello de Guitiriz (sita na Rúa do Concello nº 42, detrás da Casa Habanera).

Medidas preventivas na realización da proba:

1. As persoas aspirantes serán colocadas asegurando a distancia de seguridade entre elas.
2. Farase o chamamento dos aspirantes na porta principal debendo presentar o DNI para a súa verificación polo tribunal
3. As persoas aspirantes dirixiranse aos asentos que se lles asignen.
4. Cada persoa aspirante deberá levar posta a súa propia máscara que deberá cubrir boca e nariz mentres permaneza no lugar de celebración do exame. Deberán vir provistas do seu bolígrafo azul (tipo bic) e demais material de escritura que consideren necesario para a realización da proba. Non se poderá compartir material.
5. Non se permitirá o acceso a aula na que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
6. Finalizada a primeira proba "tipo test" o aspirante permanecerá sentado no seu asento ata que finalice o tempo máximo. Unha vez rematado este, o tribunal procederá recoller o exame a cada aspirante. A continuación procederase a realizar a seguinte proba da fase de oposición correspondente á proba de coñecemento de galego
7. As persoas aspirantes deberán manter a distancia de seguridade na entrada e saída das aulas. Non poderán deterse nin agruparse.
8. As persoas aspirantes deberán utilizar o hixienizante de mans que se proporcionará á entrada ás aulas.

Documento asinado electrónicamente

O secretario do Tribunal
Pablo Portela Fernández
Secretario do Concello de Guitiriz

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 74MKCFMILRWCCk4QZ4PX23JPEJ | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1